

MOCIÓN DE XOSÉ LUÍS JÁCOME, DEPUTADO DE MAREA DE VIGO A RESPECTO DA RETIRADA DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE FOI OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Á SECCIÓN FEMENINA DA FALANGE ESPAÑOLA TRADICIONALISTA Y DE LAS JONS NA PERSOA DE PILAR PRIMO DE RIVERA

Xosé Luís Jácome, Deputado Provincial de Marea de Vigo na Deputación Provincial de Pontevedra, presenta a seguinte moción relativa á solicitude de retirada da “Medalla de Ouro da Provincia de Pontevedra” concedida á “Sección Femenina de Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista na persoa da súa Delegada Nacional señorita Pilar Primo de Rivera, Condesa de la Mota”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1/ Con motivo da celebración en Pontevedra dun denominado “XXII Consejo Nacional da Sección Femenina” a Deputación Provincial de Pontevedra tomou a decisión de entregar os honores da “Medalla da Provincia de Pontevedra” á “Sección Femenina de Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista na persoa da súa Delegada Nacional señorita Pilar Primo de Rivera, Condesa de la Mota”.

2/ Dita Medalla foi entregada por parte do Presidente da Deputación Provincial nun acto público de honores celebrado no Salón do Pazo Provincial o 16 de xaneiro de 1964 e no que se deron lectura polo secretario da corporación provincial os supostos méritos tanto da organización titulada como “Sección Femenina de las FET y de las JONS” como da súa Delegada, Pilar Primo de Rivera.

3/ A corporación provincial de Pontevedra que entregou esta Medalla, composta por deputados non electos de forma democrática e suxeitos á obediencia e ás disposicións da ditadura franquista, tomou o indigno acordo de conceder esta “Medalla de Ouro da Provincia de Pontevedra” a unha organización fundamental na estrutura política do réxime ditatorial imposto polo xeneral Franco.

4/ Recentes investigacións dos historiadores e historiadoras sociais móstranse unánimes sobre o decisivo papel representado por Pilar Primo de Rivera e a “Sección Femenina de FET y de las JONS” na exaltación dos valores da Ditadura e do golpe militar de xullo de 1936, no control represivo da cidadanía e, especialmente, na estratexia política e gobernativa de enaltecer e estender valores patriarcais e autoritarios que obrigarían á muller a representar durante décadas roles secundarios e submisos na sociedade.

5/ En xullo de 2006 entrou en vigor a Lei de Memoria Histórica que establece a legalidade e a obrigatoriedade dos actos administrativos que signifiquen a retirada dos honores, placas ou mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva do levantamento militar e os valores antidemocráticos e represivos da ditadura franquista. En consecuencia co exposto, Xosé Luís Jácome, Deputado Provincial de Marea de Vigo propón para a súa aprobación polo Pleno da corporación a seguinte

MOCIÓN

1/ Que por parte do pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, seguindo o disposto pola Lei da Memoria Histórica, se retire e anule, con todos os seus efectos históricos, legais e administrativos, a concesión da “Medalla da Provincia de Pontevedra” á “Sección Femenina de la Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista” na persoa da súa Delegada Nacional Pilar Primo de Rivera.

2/ Que se faculte aos servizos xurídicos e administrativos desta Deputación Provincial para que podan emprender as pertinentes accións administrativas para que, no caso de ser aprobada esta moción, se proceda á recuperación física da citada “Medalla de Ouro da Provincia de Pontevedra”.